- Equivalencia de pulso = pulso e parte = parte.
- Práctica de tódalas figuras e os seus silencios ata a fusa.
- Lectura de notas en clave de Sol e Fa na 4a liña. Lectura rítmica interválica.
- Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agóxica e da dinámica na música.
- Identificación e interpretación de tódolos signos que afectan ó tempo e á agóxica, ademais dos fundamentais que ateen ó carácter.
- Improvisación rítmica adecuada ó nivel de cuarto, con proposta previa.

DA ENTOACIÓN

- Coidar a respiración, emisión e articulación da voz.
- Intervalos diatónicos ata a 8a en contexto tonal e intervalos xustos, maiores e menores en contexto tonal.
- Entoación das escalas e arpejos ata 5 alteracións.
- Traballo das tonalidades M e m ata 4# e 4b.
- Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades de ata 4# e 4b, tanto en modo maior como en modo menor, distinguindo neste último os catro tipos de escala.



- Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.

AUDITIVOS

- Discriminación das escalas diatónicas menores e maiores.
- Discriminación dos intervalos diatónicos ata a 8a, melódicos e harmónicos.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado
- Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas.
- Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos nas tonalidades traballadas.
- Realización de ditado harmónico: recoñecemento auditivo dos acordes fundamentais nas tonalidades traballadas.
- Realización de probas auditivas a dúas voces mediante o recoñecemento dos graos I, IV e V como acompañamento dunha melodía dada.
- Cadencias: auténtica, semicadencia, plagal e rota.

TEÓRICOS

- A orquestra.
- Repaso de intervalos, graos da escala (tonais e modais), escalas diatónicas, tonalidades, termos de velocidade, agónica, dinámica, signos de articulación e acentuación, acordes (perfectos maiores e menores).
- Compases: de partes desiguais, mixtos ou dispares, a un tempo.
- Análise de melodías (escala utilizada, acordes empregados)

2º Trimestre

Os contidos anteriores e:



RÍTMICOS

- Compases: 7/8, 8/8.
- Introducción á acentuación irregular. Cambios de acentuación.
- Práctica dos compases subdivididos.
- Equivalencia de pulso = pulso e parte = parte.
- Lectura de notas en clave de Sol e Fa na 4a liña.
- Lectura rítmica interválica.
- Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agónica e da dinámica na música.
- Identificación e interpretación de tódolos signos que afectan ó tempo e á agónica, ademais dos fundamentais que ateen ó carácter. -Improvisación rítmica adecuada ó nivel de cuarto, con proposta previa.

DA ENTOACIÓN

- Intervalos diatónicos ata a 8a en contexto tonal e intervalos xustos, maiores e menores en contexto tonal.
- Entoación interválica fora do contexto tonal.
- Entoación das escalas e arpexos ata 6 alteracións.
- Entoación consciente de obras en todas as tonalidades de ata 4# e 4b, tanto en modo maior como en modo menor, distinguindo neste último os catro tipos de escala. Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Entoación das escalas pentáfona, hexátona e cromática.
- Entoación de melodías baseándose nas escalas pentáfona, hexátona e cromática.
- Estudio dunha partitura mentalmente, memorízala e entoala.
- Sensibilización, identificación, coñecementos e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión.



AUDITIVOS

- Discriminación dos intervalos diatónicos ata a 8a, melódicos e harmónicos.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.
Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas.
- Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos nas tonalidades traballadas.
- Realización de ditado harmónico: recoñecemento auditivo dos acordes fundamentais nas tonalidades traballadas.
- Realización de probas auditivas a dúas voces mediante o recoñecemento dos graos I, IV e V como acompañamento dunha melodía dada.
- Cadencias: auténtica, semicadencia, plagal e rota

TEÓRICOS

- Outras escalas: pentáfona, hexátona e cromática.
- Acordes: inversión de acordes perfectos maiores e menores, de 5a diminuída, de 5a aumentada e de 7a dominante.
- Análise de melodías (escala utilizada, acordes empregados)

- **3º trimestre:**

Os contidos anteriores e:

RÍTMICOS

- Equivalencia de pulso = pulso e parte = parte.
- Compases subdivididos.
- Simultaneidade de ritmos.
- Ritmos populares españois: seguidillas, xotas, muiñeiras, peteneras, zortzicos, boleros,



etc□

- Introducción aos ritmos de jazz: swing, blues, rag time□
- Lectura de notas en clave de Sol e Fa na 4a liña.
- Lectura rítmica interválica.
- Sensibilización e valoración da importancia musical do tempo e da importancia da agónica e da dinámica na música.
- Identificación e interpretación de tódolos signos que afectan ó tempo e á agónica, ademais dos fundamentais que ateen ó carácter.
- Improvisación rítmica adecuada ó nivel de cuarto, con proposta previa.

DA ENTOACIÓN

- Entoación das escalas e arpexios ata 7 alteracións.
- Entoación consciente de obras en todas as tonalidades de ata 4# e 4b, tanto en modo maior como en modo menor, distinguindo neste último os catro tipos de escala. Interpretación vocal de obras adecuadas ó nivel con ou sen texto, con ou sen acompañamento.
- Sensibilización e práctica vocal dos movementos melódicos interválicos dentro do ámbito da oitava, maiores, menores e xustos.
- Introducción á música de jazz.
- Entoación de pezas elaboradas con ritmos españois.
- Estudio dunha partitura mentalmente, memorízala e entoala.
- Sensibilización, identificación, coñecementos e interpretación dos termos e dos signos que afectan á expresión.
- Reprodución vocal e escrita de acordes maiores e menores, tanto de tónica como de dominante e subdominante, nas tonalidades de ata catro alteracións na armadura.

AUDITIVOS



- Discriminación dos intervalos diatónicos ata a 8a, melódicos e harmónicos.
- Identificación de erros ou diferenzas entre un fragmento escrito e o escoitado.
- Sensibilización de movementos melódicos ascendentes, descendentes e sucesións de sons iguais nas tonalidades traballadas.
- Reprodución de ditados rítmicos, melódicos e rítmico-melódicos nas tonalidades traballadas.
- Realización de ditado harmónico: recoñecemento auditivo dos acordes fundamentais nas tonalidades traballadas.
- Realización de probas auditivas a dúas voces mediante o recoñecemento dos graos I, IV e V como acompañamento dunha melodía dada.
- Cadencias: auténtica, semicadencia, plagal e rota.

TEÓRICOS

- Cadencias.
- Tipos de comezos e finais de frase.
- Identificación dos acordes empregados nunha melodía con ou sen acompañamento.
- Repaso de todos os contidos teóricos do grao elemental.
- Identificación dos acordes empregados nunha melodía con ou sen acompañamento.
- Análise básico dunha melodía, con ou sen acompañamento.

6.4.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- Executar correctamente e con fluidez fórmulas rítmicas nos compases traballados nos cursos anteriores, mais os de 3/2, 4/2, 2/8, 5/8, 7/8 e 8/8, atendendo aos cambios de compás, equivalencias e grupos de valoración especial. e con fluidez na lectura de notas nas claves traballadas. Este criterio



de avaliación pretende comprobar a capacidade de relacionar os parámetros espazotemporais comúns ao discurso sonoro coa súa representación gráfica.

- Manter o pulso durante períodos de silencio. Este criterio de avaliación ten por obxecto lograr unha correcta interiorización do pulso que lle permita unha adecuada execución individual ou colectiva.
- Executar a través da percusión, instrumental ou vocalmente estruturas rítmicas dunha obra ou dun fragmento. Con este criterio de avaliación preténdese constatar a capacidade de encadear diversas fórmulas rítmicas adecuadas ao nivel con toda precisión e dentro dun tempo establecido.
- Interpretar cambios sinxelos de compás e identificalos auditivamente. Inténtase verificar a capacidade de realización práctica e a capacidade de percepción auditiva dos cambios de compás.
- Entoar correctamente e identificar auditivamente sucesións de intervalos dentro e fóra do contexto tonal. Este criterio permite detectar o dominio do intervalo por parte do alumnado, como elemento indispensable de aplicación a estruturas tonais ou non.
- Entoar correctamente melodías en tonalidades con ata catro alteracións alteracións na armadura, maiores e menores, con acompañamento e sen el. Este criterio ten por obxecto comprobar a capacidade do alumnado para aplicar as súas técnicas de entoación e xusteza de afinación a un fragmento tonal aplicando indicacións expresivas presentes na partitura. De producirse acompañamento instrumental, este non reproducirá a melodía.
- Realizar unha boa emisión vocal fundamentada na respiración costodiafragmática. Con este criterio nos aseguramos de que o alumnado adopta hábitos de canto saudables.
- Transportar modelos melódicos a diferentes alturas. Trátase de comprobar a destreza do alumnado para reproducir un mesmo feito melódico desde calquera son mantendo correctamente a intervállica do modelo.
- Improvisar estruturas rítmicas e melódicas sobre unha proposta previa. Con este criterio de avaliación preténdese estimular a capacidade creativa do alumnado aplicando libremente fórmulas rítmicas coñecidas e conceptos tonais



básicos.

- Identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados a unha voz, en tonalidades ata 4 alteracións, que conteñan as dificultades traballadas no curso, probas sinxelas a dúas voces e ditados de intervalos, acordes, cadencias, etc. Con este criterio comprobamos o desenvolvemento do oído musical e da memoria.
- Identificar intervalos harmónicos maiores, menores, xustos e de 4o aumentada nun rexistro medio. Procúrase, con este criterio, coñecer a capacidade do alumnado para a audición simultánea entre diferentes relacións interválicas.
- Describir, logo dunha audición, os trazos característicos das obras escoitadas ou interpretadas (modo, compás, intervalos sinxelos, fórmulas melódicas e rítmicas, cadencias, aspectos formais, timbres...). Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para percibir aspectos distintos tras seleccionar os aspectos que se deban identificar ou ben deixando que se identifiquen libremente os aspectos que resulten máis notorios.
- Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados no curso e demostrar su comprensión aplicándoos a exercicios prácticos. Con este criterio compróbase o grado de comprensión dos contidos teóricos.
- Verificar a actitude do alumnado de respecto e traballo dentro da aula e comprobar que se acude a clase cos deberes feitos. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado por manter una actitude de educación e atención na clase e cara os compañeiros, compañeiras e profesorado.

Mínimos esixibles

Ademais do exposto nas programacións de cursos anteriores:

- Dominar a lectura nas claves de Sol e Fa na 4a.
- Ler exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliarase o sostemento do pulso, o respecto ó tempo indicado, a precisión rítmica e a soltura na lectura de



notas.

- Executar as equivalencias de pulso = pulso e figura = figura.
- Practicar os compases regulares simples e compostos e tamén o irregular 5/8.
- Executar tódolos signos de: Articulación, Dinámica, Agóxica e Tempo.
- Practicar tódalas figuras e os seus silencios.
- Entoar conscientemente escalas e arpexos de ata 7 alteracións.
- Realizar na entoación o sentido ascendente ou descendente ou sucesión de sons iguais na liña melódica.
- Entoar conscientemente obras en tonalidades ata 4 alteracións. Avaliarase a corrección na emisión e na afinación, o respecto ós termos de expresión e a aplicación do ritmo e a lectura.
- Practicar a Dinámica, Agóxica, Articulación e Carácter.
- Percibir no ditado rítmico a sensación do sentido binario ou ternario da subdivisión do pulso.
- Identificar as estruturas rítmicas traballadas durante o curso.
- Identificar no ditado melódico os modos Maior e menor.
- Valorar no ditado a fidelidade á liña melódica e rítmica así como a corrección na escritura. Tamén a adecuación á tonalidade e modalidade correcta.
- Recoñecer auditivamente intervalos harmónicos simples: Maiores, menores e xustos.
- Clasificar e recoñecer visualmente tódalas especies de intervalos.
- Dominar as tonalidades.
- Coñecer as escalas diatónicas maiores e menores.
- Construír os acordes Maiores, menores, Aumentados e Diminuídos.
- Presentar o caderno de exercicios realizados correctamente.



- Respetar as normas de organización e indicacións do profesor. Mostrar unha actitude correcta na clase con respecto ao profesor, aos compañeiros e ao material de aula e as instalacións do centro.
- Demostrar interese pola música en xeral.

Para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 40% en cada área de coñecementos, e unha nota media de cinco ou superior, como queda reflectido no apartado dos criterios de cualificación.

Sempre que a cualificación final sexa positiva, terase en conta a actitude do alumno durante o desenvolvemento das clases.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

A avaliación da aprendizaxe será continua e procesual, facendo unha avaliación inicial ós contidos a traballar inmediatamente, controlando o proceso de ensino – aprendizaxe a diario e valorando os resultados obtidos con periodicidade para corrixir o que sexa preciso.

Temporalización da avaliación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado comprenderá tres modalidades segundo o momento do curso en que teñan lugar: inicial, procesual e final.

Avaliación inicial. Ao inicio do curso ou de cada fase do aprendizaxe, co fin de determinar o coñecemento previo do alumnado, das súas capacidades e aptitudes, así como do nivel medio de cada grupo concreto.

Avaliación procesual. Ao longo do curso, continuamente durante o proceso educativo. Realizaranse observacións directas e sistemáticas que servirán para avaliar os contidos actitudinais, así como exercicios e actividades que permitan comprobar que o alumnado afianza os contidos e logra os obxectivos previstos. Polo tanto, de producírense frecuentes faltas de asistencia non é posible esta avaliación procesual.



de xeito que alumno perderá o dereito á avaliación continua.

Avaliación final. Determinarase se o alumnado acadou os obxectivos propostos na programación, valorando non só as probas obxectivas senón tamén o esforzo persoal, a actitude e a participación do alumnado en clase.

1. A avaliación basearase na observación sistemática e diaria durante as sesións de clase, rexistrando datos precisos do traballo de cada alumno no caderno do profesor: seguimento da asistencia a clase, participación nas diferentes actividades, forma de traballar (tanto individual como en grupo), actitude dos fronte as actividades propostas, destrezas adquiridas a partir das previas, capacidade de atención e resposta, habilidades interpretativas e nivel de lectura alcanzado, tanto rítmica como melodicamente.

2. Tamén se revisarán os traballos realizados, mediante a recollida dos cadernos do alumno, a partir de fichas de traballo e interpretación de obras. Todo o material (cadernos, fichas ou tarefas encargadas) será avaliable.

3. Esta práctica non impide a realización de probas concretas, como un procedemento máis de avaliación, exames parciais ou probas obxectivas, que proporcionen datos para completar as observacións.

A modo de exemplo, as probas poden ser do tipo:

- Lectura a 1ª vista dun fragmento de extensión libre que inclúa toda a rítmica aprendida ata o momento.
- Entoación a 1ª vista dun fragmento de extensión libre cos contidos aprendidos ata o momento.
- Proba escrita con exercicios relativos aos contidos teóricos do trimestre.
- Proba auditiva relacionada cos aspectos básicos do trimestre.

No caso de que o profesorado precise dalgunha destas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada pola xefatura de estudos. A asistencia a estas probas ten carácter obrigatorio. O alumnado será informado da data de exame cunha anterioridade mínima de 15 días, e no caso



de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario de titoría asignado polo profesor.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso, comprobando que os alumnos estean en disposición de acometer o curso seguinte.

Aqueles alumnos que non acaden os obxectivos na avaliación final de xuño terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de setembro.

Por outra banda hai que destacar as tres sesións de avaliación informativa que puntualmente, por medio da cualificación e no seu caso os informes pertinentes informan ao alumnado, aos pais e nais e ao resto de profesores implicados (especialmente ao titor /a) da evolución do proceso de aprendizaxe. Estas sesións desenvólvense ao remate de cada trimestre, antes de cada período vacacional.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación da actitude e evolución do alumno.
- Análise dos seus traballos de clase e tarefas a realizar.
- Observación da participación e comportamento nas diferentes actividades.
- As probas específicas que se consideren necesarias.

Criterios de cualificación

Estarán en concordancia cos contidos e obxectivos fixados na programación do curso correspondente (véxase o apartado Mínimos esixibles para unha avaliación positiva nas programacións de curso).



Para superar o curso o alumno deberá estar en disposición de acometer o curso seguinte.

En todo caso, para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 40% en cada área de coñecementos, e unha nota media de cinco ou superior.

A nota final será a media aritmética entre as catro partes de cada unha das valerá unha porcentaxe. Para poder facer esta media o alumno non pode acadar unha cualificación inferior a 4 en calquera dos seguintes apartados.

Lectura rítmica	Nota media de Entoación e Desenvolvemento auditivo	Teoría
Maior ou igual a 4	Maior ou igual a 4	Maior ou igual a 4

Unha vez superados os apartados anteriores cunha nota igual ou maior a 4 aplicaráselle a porcentaxe que se reflicte a continuación:

Lectura rítmica	Entoación	Desenvolvemento auditivo	Teoría
30 %	30 %	20 %	20 %

Os resultados da avaliación final expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5.

Para superar a materia, o alumno/a debe cumprir os mínimos esixidos en cada unha das partes.



Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esteña matriculado inicialmente.

6.4.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.



Probas extraordinarias de setembro

O sistema de avaliación na convocatoria de Setembro consistirá nunha proba na que o alumno deberá acreditar o dominio da programación establecida para todo o curso. Polo tanto, deberá examinarse das catro partes nas que están divididos os contidos: ritmo, entoación, audición e teoría.

6.4.5 Recursos didácticos

Por petición da ANPA no curso 2015-2016 o Departamento acorda empregar como libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos os métodos de A. M. Navarrete: El lenguaje de la música, de 1º g.e. a 2º g.prof.

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

Curso: 1º curso de grao profesional

6.4.6 Obxectivos para o 1º curso de grao profesional

- Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.
- Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos (polirritmias).
- Entoar melodías con ou sen acompañamento, con cambios de tonalidade ou modulacións, ou baseándose nas escalas ou modos a traballar.
- Desenvolver a lectura e entoación a primeira vista
- Entoar de forma consciente escalas tonais, modais, acordes e intervalos.



- Desenvolver a memoria musical.
- Recoñecer a través da audición e a lectura as estruturas harmónicas básicas.
- Recoñecer e reproducir correctamente por escrito fragmentos musicais a unha voz ou a dúas voces.
- Recoñecer e representar graficamente obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces realizadas con diferentes instrumentos.
- Coñecer e utilizar os coñecementos teóricos da linguaxe musical e relacionalos coa práctica musical.
- -Relacionar os coñecementos adquiridos na clase de linguaxe musical coa práctica do instrumento.
- -Propiciar actitudes de respecto aos compañeiros e ao profesorado e de coidado dos materiais de clase.

6.4.7 Contidos

Os contidos dos cursos anteriores e:

RÍTMICOS

- Lectura rítmica articulada.
- Compases dispaes 5/8 7/8
- Compases tradicionais tratados como dispaes.
- Compases alternos 6/8 3/4
- Polirritmias 3:2 2:3 (en compás de subdivisión binaria e ternaria),
- Compases subdivididos.
- Cambios de pulsación. Cambios de acentuación.
- Equivalencia pulso=pulso con cambio a compases dispaes.



- Equivalencia corchea=corchea.
- Lectura a primeira vista.
- Improvisación sobre fórmulas rítmicas establecidas ou libres.
- Lectura de claves.

VOCAIS E MELÓDICOS

- Exercicios de colocación de voz.
- Entoación das escalas maiores e menores co seus correspondentes tipos, e dos acordes das leccións traballadas.
- Entoación das escalas modais das leccións traballadas. (Modo dórico)
- Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados.
- Entoación con modulación a ton homónimo.
- Práctica auditiva e vocal de estruturas tonais enriquecidas na súa linguaxe por flexións ou modulacións, con recoñecemento auditivo do proceso.
- Entoación de intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.
- Recoñecemento auditivo e análise de estruturas tonais e formais non complexas.
- Improvisación sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres.
- Entoación a 1ª vista.

AUDITIVOS

- Todos os contidos de ritmo, entoación e teoría.
- Percepción auditiva de compases.



- Percepción auditiva de fórmulas rítmicas.
- Percepción auditiva de intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.
- Equivalencias.
- Traballo sobre a alteración accidental.
- Análise auditivo de fragmentos.
- Percepción dos acordes maiores e menores, de 7a de dominante y 7a diminuída en estado fundamental.
- Ditado melódico e rítmico a unha voz ata catro alteracións.
- Reprodución escrita do baixo ante un ditado a dúas voces escoitado.
- Ditado a dúas voces en 2/4, 3/4, 4/4 só graos tonais na voz grave.
- Estructuras harmónicas sinxelas, con grados tonais.
- Cadencia perfecta, plagal, semicadencia (repaso).

TEÓRICOS

- Equivalencias.
- Notación tradicional. Desenvolvemento das polirritmias 3:2, 2:3.
- Compases simples, compostos, de amalgama e dispares.
- Intervalos: ampliación e redución.
- Escalas diatónicas, cromática, pentáfona e hexátona.
- Acordes (ampliación).
- Análise de melodías (escala utilizada, acordes empregados)

2ºTRIMESTRE

Os contidos anteriores e:



RÍTMICOS

- Compases dispares.
- Compases de amalgama.
- Polirrítmias 3:4, 5:2
- Lectura de claves.

VOCAIS E MELÓDICOS

- Enharmonías.
- Cromatismo. Alteración accidental.
- Escalas diatónicas, pentáfona, hexátona e cromática.

AUDITIVOS

- Todos os contidos de ritmo, entoación e teoría.
- Percepción das escalas maiores de 3a e 4a tipo e dos catro das menores.
- Estruturas harmónicas sinxelas, cos grados I, IV V e VI.
- Ditado melódico e rítmico a unha voz ata cinco alteracións.
- Ditado a dúas voces en 2/4, 3/4, 4/4 só graos tonais na voz grave.
- Cadencia rota.

TEÓRICOS

- Enharmonías de notas, intervalos e acordes.
- Cadencias.
- Sistemas musicais antigos: modos gregos e modos eclesiásticos.



- Análise de melodías (escala utilizada, acordes empregados)
- Desenvolvemento das polirrimias 3:4, 5:2

3º TRIMESTRE

Os contidos anteriores e:

RÍTMICOS

- Práctica de lectura de notas sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
- Polirritmias 4:3
- Improvisación sobre esquemas rítmicos establecidos ou libres.
- Aplicación de ornamentos adecuándoos á época da obra interpretada (apoiatura, mordente, portamento, tierce coulée, acciaccatura, trémolo, vibrato, trino, grupeto, acorde arpexado, fioritura e cadenza ou fermata).
- Lectura de claves.

VOCAIS E MELÓDICOS

- Entoación modal.
- Iniciación á entoación do século XX.

AUDITIVOS

- Todos os contidos de ritmo, entoación e teoría.



- Percepción auditiva dos acordes maiores e menores de 7a dominante 7a diminuída en primeira inversión.
- Ditado melódico e rítmico a unha voz ata cinco alteracións.
- Estructuras harmónicas e cadencias.
- Ditado a dúas voces en compases de 2/4, 3/4, 4/4 utilizando só graos tonais na voz grave.
- Recoñecer todas as escalas.

TEÓRICOS

- Desenvolvemento da polirritmia 4:3.
- Notas estrañas ao acorde (paso, floreo).
- Coñecemento do ámbito sonoro das claves.
- Coñecemento e aplicación de ornamentos adecuándoos á época da obra interpretada (apoiatura, mordente, portamento, tierce coulée, acciaccatura, trémolo, vibrato, trino, grupeto, acorde arpegiado, fioritura e cadenza ou fermata).
- Normas de escritura musical.

Análise de melodías (escala utilizada, acordes empregados)

6.4.8 Avaliación

Criterios de avaliación

- Executar fragmentos rítmicos con regularidade do pulso, fluidez na lectura de notas, interpretación correcta das fórmulas rítmicas e da articulación.
- Executar polirritmias mediante a disociación motriz e auditiva, escoltando con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos.



- Entoar de maneira precisa escalas tonais, modais, acordes e intervalos.
- Entoar melodías con ou sen acompañamento cunha rigorosa emisión das notas naturais e das alteracións accidentais, con precisión na medida, na afinación e na interpretación das indicacións dinámicas, agónicas e de fraseo.
- Reproducir por escrita escalas tonais, modais, acordes e intervalos.
- Reproducir por escrito estruturas harmónicas básicas escoitadas.
- Reproducir por escrito obras, fragmentos musicais a unha ou dúas voces realizadas con diferentes instrumentos.
- Reproducir correctamente por escrito fragmentos musicais escoitados a unha e a dúas voces recoñecendo os elementos musicais que aparecen.
- Demostrar os coñecementos teóricos.

Mínimos esixibles

RÍTMICOS

- Lectura rítmica articulada.
- Compases tradicionais tratados como dispaes.
- Compases subdivididos.
- Compases de 5, 7 ou máis partes amalgama ou non.
- Cambio de pulsación. Cambios de acentuación.
- Práctica da equivalencia.
- Desenvolver unha polirritmia.
- Práctica de lectura de notas nalgunha clave diferente a Sol ou Fa, ou lectura sen clave, aténdose ao debuxo interválico.
- Grupos de valoración especial en varios pulsos.

VOCAIS E MELÓDICOS



- Entoación das escalas maiores e menores co seus correspondentes tipos.
- Entoación das escalas modais.
- Entoación de intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.
- Enharmonías.
- Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados.
- Entoación a primeira vista.

AUDITIVOS

- Percepción auditiva de compases.
- Percepción das equivalencias.
- Percepción auditiva das fórmulas rítmicas traballadas.
- Percepción auditiva de intervalos maiores, menores, xustos, aumentados e diminuídos.
- Percepción das escalas diatónicas, pentáfona, hexátona e cromática.
- Percepción das escalas modais.
- Percepción dos acordes maiores e menores, de 7a de dominante y 7a diminuída en estado fundamental.
- Ditado melódico e rítmico a unha voz ata cinco alteracións.
- Colocación do baixo a unha melodía dada ao escoltar o ditado a dúas voces
- Ditado a dúas voces ata unha alteración en 2/4, 3/4, 4/4 con figuras ata a corchea utilizando só graos tonais.
- Cadencia perfecta, plagal, rota e semicadencia.

TEÓRICOS

- Escala diatónica, cromática, pentáfona, hexátona.
- Acordes (ampliación). Análise de melodías.



- As escalas modais.
- Notas estranas ao acorde (paso, floreo).

Para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 40% en cada área de coñecementos, e unha nota media de cinco ou superior, como queda reflectido no apartado dos criterios de cualificación.

Sempre que a cualificación final sexa positiva, terase en conta a actitude do alumno durante o desenvolvemento das clases.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.

A avaliación da aprendizaxe será continua e procesual, facendo unha avaliación inicial ós contidos a traballar inmediatamente, controlando o proceso de ensino – aprendizaxe a diario e valorando os resultados obtidos con periodicidade para corrixir o que sexa preciso.

Temporalización da avaliación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado comprenderá tres modalidades segundo o momento do curso en que teñan lugar: inicial, procesual e final.

Avaliación inicial. Ao inicio do curso ou de cada fase do aprendizaxe, co fin de determinar o coñecemento previo do alumnado, das súas capacidades e aptitudes, así como do nivel medio de cada grupo concreto.

Avaliación procesual. Ao longo do curso, continuamente durante o proceso educativo. Realizaranse observacións directas e sistemáticas que servirán para avaliar os contidos actitudinais, así como exercicios e actividades que permitan comprobar que o alumnado afianza os contidos e logra os obxectivos previstos. Polo tanto, de producírense frecuentes faltas de asistencia non é posible esta avaliación procesual, de xeito que alumno perderá o dereito á avaliación continua.

Avaliación final. Determinarase se o alumnado acadou os obxectivos propostos na



programación, valorando non só as probas obxectivas senón tamén o esforzo persoal, a actitude e a participación do alumnado en clase.

1. A avaliación basearase na observación sistemática e diaria durante as sesións de clase, rexistrando datos precisos do traballo de cada alumno no caderno do profesor: seguimento da asistencia a clase, participación nas diferentes actividades, forma de traballar (tanto individual como en grupo), actitude dos fronte as actividades propostas, destrezas adquiridas a partir das previas, capacidade de atención e resposta, habilidades interpretativas e nivel de lectura alcanzado, tanto rítmica como melodicamente.

2. Tamén se revisarán os traballos realizados, mediante a recollida dos cadernos do alumno, a partir de fichas de traballo e interpretación de obras. Todo o material (cadernos, fichas ou tarefas encargadas) será avaliable.

3. Esta práctica non impide a realización de probas concretas, como un procedemento máis de avaliación, exames parciais ou probas obxectivas, que proporcionen datos para completar as observacións.

A modo de exemplo, as probas poden ser do tipo:

- Lectura a 1ª vista dun fragmento de extensión libre que inclúa toda a rítmica aprendida ata o momento.
- Entoación a 1ª vista dun fragmento de extensión libre cos contidos aprendidos ata o momento.
- Proba escrita con exercicios relativos aos contidos teóricos do trimestre.
- Proba auditiva relacionada cos aspectos básicos do trimestre.

No caso de que o profesorado precise dalgunha destas probas puntuais para completar as avaliacións diarias, realizaranse na semana de exames indicada pola xefatura de estudos. A asistencia a estas probas ten carácter obrigatorio. O alumnado será informado da data de exame cunha anterioridade mínima de 15 días, e no caso



de non poder asistir nas datas indicadas, deberá xustificar debidamente a falta, pasando a realizar esta proba no horario de titoría asignado polo profesor.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso, comprobando que os alumnos estean en disposición de acometer o curso seguinte.

Aqueles alumnos que non acaden os obxectivos na avaliación final de xuño terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de setembro.

Por outra banda hai que destacar as tres sesións de avaliación informativa que puntualmente, por medio da cualificación e no seu caso os informes pertinentes informan ao alumnado, aos pais e nais e ao resto de profesores implicados (especialmente ao titor /a) da evolución do proceso de aprendizaxe. Estas sesións desenvólvense ao remate de cada trimestre, antes de cada período vacacional.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación da actitude e evolución do alumno.
- Análise dos seus traballos de clase e tarefas a realizar.
- Observación da participación e comportamento nas diferentes actividades.

As probas específicas que se consideren necesarias.

Critérios de cualificación

Estarán en concordancia cos contidos e obxectivos fixados na programación do curso correspondente (véxase o apartado Mínimos esixibles para unha avaliación positiva nas programacións de curso).

Para superar o curso o alumno deberá estar en disposición de acometer o curso seguinte.



En todo caso, para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 40% en cada área de coñecementos, e unha nota media de cinco ou superior.

A nota final será a media aritmética entre as catro partes de cada unha das valerá unha porcentaxe. Para poder facer esta media o alumno non pode acadar unha cualificación inferior a 4 en calquera dos seguintes apartados.

Lectura rítmica	Nota media de Entoación e Desenvolvemento auditivo	Teoría
Maior ou igual a 4	Maior ou igual a 4	Maior ou igual a 4

Unha vez superados os apartados anteriores cunha nota igual ou maior a 4 aplicaráselle a porcentaxe que se reflicte a continuación:

Lectura rítmica	Entoación	Desenvolvemento auditivo	Teoría
30 %	30 %	20 %	20 %

Os resultados da avaliación final expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificación iguais ou superiores a 5.

Para superar a materia, o alumno/a debe cumprir os mínimos esixidos en cada unha das partes.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula



As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esteña matriculado inicialmente.

6.4.9 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

- Perda de avaliación continua

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.

Probas extraordinarias de setembro

O sistema de avaliación na convocatoria de Setembro consistirá nunha proba na que o alumno deberá acreditar o dominio da programación establecida para todo o curso. Polo tanto, deberá examinarse das catro partes nas que están divididos os



contidos: ritmo, entoación, audición e teoría.

6.4.10 Recursos didácticos

Por petición da ANPA no curso 2015-2016 o Departamento acorda empregar como libro de texto común para a base na secuenciación dos contidos os métodos de A. M. Navarrete: El lenguaje de la música, de 1º g.e. a 2º g.prof.

Para unha maior adecuación e atención á diversidade, cada profesor poderá complementar co material que considere necesario.

Curso: 2º curso de grao profesional

6.4.11 Obxectivos para o 2º curso de grao profesional

- Adquirir soltura na lectura de fragmentos melódicos e rítmicos correspondentes ao nivel do curso.
- Utilizar a disociación motriz e auditiva necesarias para executar ou escoitar con independencia desenvolvementos rítmicos ou melódicos simultáneos (polirritmias).
- Desenvolver a lectura e entoación a primeira vista.
- Entoar melodías con o seu acompañamento con precisión na medida, a afinación e interpretación dos elementos expresivos.
- Recoñecer e representar graficamente fragmentos musicais a unha ou dúas voces utilizando estruturas harmónicas básicas.
- Recoñecer, auditivamente aspectos formais, cadenciais, modos de ataque, articulacións, matices, ornamentos, timbres dos diferentes instrumentos e situálos na época e estilo.
- Aplicar todos os coñecementos teóricos á práctica musical.
- Espertar o interese pola linguaxe musical contemporáneo.



- Aplicar todos os coñecementos adquiridos durante os 6 cursos de linguaxe musical no repertorio a traballar.
- Analizar obras musicais recoñecendo os elementos da linguaxe musical e interpretando correctamente os símbolos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.

6.4.12 Contidos

1º TRIMESTRE

RÍTMICOS

- Compases dispaes con calquera numerador e denominador.
- Polirritmias. Repaso do curso anterior: 2:3, 3:2, 3:4, 4:3 e 5:2.
- Grupos rítmicos ternarios contidos nun ou varios pulsos binarios.
- Grupos rítmicos binarios contidos nun ou varios pulsos ternarios.
- Práctica dos cambios de acentuación.
- Repaso das claves traballadas no curso anterior.
- Práctica de lectura a primeira vista.
- Improvisación sobre fórmulas rítmicas establecidas ou libres.

VOCAIS E MELÓDICOS

- Perfeccionamento dos contidos do curso anterior.
- Entoación das escalas maiores e menores cos seus correspondentes tipos, e dos arpeخيos das leccións traballadas.
- Entoación das escalas modais das leccións traballadas.
- Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados.
- Práctica e aplicación de signos e termos relativos á dinámica e agóxica.
- Termos e signo de: movemento, intensidade, dinámica, acentuación, carácter, articulación e fraseo.
- Improvisación sobre esquemas harmónicos e formais establecidos ou libres.



- Práctica da entoación a primeira vista.

AUDITIVOS

- Audición da alteración accidental (continuación).
- Percepción auditiva de acordes maiores, menores, de 7ª de dominante e 7ª diminuída en todas as súas inversións.
- Percepción auditiva de tódalas escalas e modos traballados ata o momento.
- A utilización dos modos nas melodías tradicionais.
- Percepción melódico e rítmico a unha voz ata seis alteracións.
- Ditado a dúas voces ata unha alteración en compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8 até a semicorchea.
- Práctica da memorización de fragmentos rítmicos, melódicos e melódico-rítmicos.
- Recoñecemento auditivo e análise de estruturas tonais e formais non complexas.

TEÓRICOS

- Repaso dos contidos traballados no curso anterior.
- Repaso da modalidade.
- Análise de melodías tradicionais. Utilización dos modos nas melodías tradicionais.
- Notación tradicional: desenvolvemento das polirritmias (repaso)
- Novas grafías para ritmos tradicionais.
- Transporte. Instrumentos transpositores.
- Análise dos acordes empregados en pequenas obras.

2º TRIMESTRE

Os contidos anteriores e:

RÍTMICOS

- Música do século XX e música contemporánea
 - Grupos de valoración especial en posicións métricas variadas.
 - Ritmos atípicos en compases e convencionais.



- Compases mixtos, decimais, fraccionarios, etc
- Música sen compasear.
- Lectura en fa en 3ª e Do en 2ª.
- Entoación das escalas maiores e menores cos seus correspondentes tipos, e dos acordes das lección traballadas.
- Entoación das escalas modais das leccións traballadas.
- Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados.

AUDITIVOS

- Percepción auditiva de compases.
- Percepción auditiva da modulación diatónica.
- Percepción auditiva de cadencias.
- Análise auditivo de fragmentos.
- Ditado a unha voz cos elementos traballados.
- Ditados modais.
- Escoita e recoñecemento da utilización dos modos nas melodías tradicionais.
- Recoñecemento das funcións tonais ante un fragmento escoitado.
- Colocación do Baixo ante unha melodía escoitada.
- Percepción de acordes de 5ª aumentada e 5ª diminuída e as súas inversións.
- Ditado a dúas voces ata dúas alteracións en compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8 até a semicorchea.
- Percepción auditiva de tipos rítmicos.

TEÓRICOS

- Compases mixtos, decimais, fraccionarios, quebrados e compases inusuais.
- Modulación.
- Ritmo e métrica, tipos rítmicos.
- A forma musical: xéneros musicais, pequenas e grandes formas.



Para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 40% en cada área de coñecementos, e unha nota media de cinco ou superior, como queda reflectido no apartado dos criterios de cualificación.

Sempre que a cualificación final sexa positiva, terase en conta a actitude do alumno durante o desenvolvemento das clases.

3º TRIMESTRE

Os contidos anteriores e:

RÍTMICOS

- Resumo de todo o material que forma parte dos aspectos rítmicos da linguaxe musical dende os inicios até o século XX.

VOCAIS E MELÓDICOS

- Entoación interválica pura (non tonal) e aplicación a obras post-tonais ou tonais. Entoación das escalas maiores e menores cos seus correspondentes tipos, e dos acordes das leccións traballadas.
- Entoación das escalas modais das leccións traballadas.
- Entoación consciente de melodías ou fragmentos cos elementos traballados.
- Práctica da entoación xurdida a partir dos anos vinte do século XX produto de irrupción de novas técnicas compositivas: dodecafonismo, atonalismo, bitonalidad, etc.
- Práctica do transporte.

AUDITIVOS

- Percepción auditiva da forma musical.
- Percepción auditiva da modulación cromática.
- Percepción auditiva de tipos rítmicos.
- Percepción auditiva de acordes maiores, menores, aumentados, diminuídos, de 7ª de dominante, 7ª diminuída, 5ª aumentada e 5ª diminuída en todas as súas inversións.
- Ditado melódico e rítmico a unha voz até sete alteracións.



- Ditado melódico a dúas voces até dúas alteracións en compases de 2/4, 3/4, 4/4, 6/8, 9/8, 12/8 até a semicorchea.
- Ditados modais.
